

LEVÁRONSE A CABO OBRAS EN TODA A PROVINCIA

Modernización dos xuzgados

■ ■ ■ Ademais da inminente posta en marcha das obras do edificio xudicial de Ourense a Xunta de Galicia está a realizar un importante investimento no eido xudicial referido ás reformas nos xulgados co obxectivo de melloralas condicións do servizo para traballadores e usuarios do mesmo. Segundo, o delegado do goberno galego en Ourense, Rogelio Martínez: "O compromiso é traballar para acadar unha xustiza de calidade para os cidadáns".

O compromiso do goberno galego é proseguir coa modernización dos xulgados, centrados na mellora das comunicacións informáticas e audiovisuais, a renovación progresiva do equipamento informático e o pulo de novas aplicacións. Neste apartado as obras máis relevantes son as seguintes:

BANDE

O edificio xudicial de Bande, de recente construción, tiña unhas severas problemas de humidades que se foron solucionando ao longo deste ano 2011, co que, a día de hoxe encontrase en perfecto estado de uso.

VERÍN E XINZO

As últimas actuacións nestos dous xulgados consistiron, basicamente, en climatizar os "puntos sensibles" dos seus respectivos edificios, nos que se invertiron algo máis de 24.000 euros. Añadir que, por fin, dotouse a Verín dun novidoso sistema de Videoconferencia, posto en marcha fai uns días (finais do mes de novembro de 2011).

RIBADAVIA

Restaurada a parte de enriba do edificio xudicial de Ribadavia, todo quedou en perfecto estado. O próximo exercicio acometeráse a substitución dos canalóns exteriores, así como a reparación dunha porta de madeira exterior ao tempo que se instala unha porta interna de aluminio-vidrio para paliar as humidades que, en temporada, entran pola mesma.

TRIVES

En Trives, reparouse o tellado do edificio xudicial con cuberta de pizarra para a porta de entrada. Repara-

ción carpintería exterior, porta de acceso a baixo cuberta, instalación estanterías en baixo cuberta; pintura fachada principal e despachos; arranxo canalóns de zinc, motor entrada vehículos. O próximo exercicio acometeráse a instalación dunha marquesina exterior de aluminio-pizarra.

O CARBALLIÑO

Remodelouse practicamente todo o edificio xudicial de O Carballiño que da cabida a dous xulgados. Invertíronse preto de 300.000 euros. As melloras, basicamente consistiron en: colocación de ascensor (o edificio non dispoñía deste servizo); melloras nos arquivos; posta en marcha de novos servizos sanitarios; novo sistema de telecomunicacións (integra-

ROGELIO MARTÍNEZ, DELEGADO DA XUNTA EN GALICIA, DESTACA QUE O COMPROMISO "É TRABALLAR PARA ACADAR UNHA XUSTIZA DE CALIDADE PARA TÓDO-LOS OS CIDADÁNS"

dos en Ibercom); ampliación dos espazos comúns de traballo; remodelación da sala de vistas e, ampliación e creación de novos espazos destinados a diferentes usos (nova oficina para procuradores e avogados; sala de delitos, etcétera).

CELANOVA

Cunha inversión de preto de 250.000 euros, procedeuse á reparación e substitución da cuberta do edificio que alberga os xulgados de Celanova. Ampliouse tamén unha pranta máis para os distintos servizos xudiciais (novo despacho de Forensía, etcétera), así como instalación e posta en marcha dun ascensor/elevador do que, tampouco dispoñía o edificio xudicial carballiñés.



Rogelio Martínez, visitando a sede do xulgado de Verín.

O BARCO

No tocante ao novo edificio xudicial do Barco de Valdeorras, que foi entregado o pasado ano, dicir que ten unha superficie total construída de máis de 2.000 metros cadrados e que requiriu dun investimento de máis de dous millóns e medio de euros - da funcionalidade e facilita o acceso á xustiza para os seus usuarios. En definitiva, unha infraestrutura que pon a disposición dos traballadores xudiciais e profesionais do dereito, e sobre todo dos máis de 26.000 valdeorreses, este novo edificio, co que rematou o funcionamento en inmobles separados dos dous xulgados desta vila.

OURENSE

No Palacio de Xustiza da cidade levouse a cabo a reparación da climatización, das pluviales e das canalizacións exteriores. Climatizáronse varias salas de vistas. A inversión, algo máis de 19.000 euros.

Rogelio Martínez destaca ademais posta en marcha do Plan de Medidas Urxentes en materia tecnolóxica da Administración de Xustiza, centrado na mellora das comunicacións informáticas e audiovisuais, a renovación progresiva do equipamento informático e o impulso de novas aplicacións. ■



Palacio de Xustiza de Ourense.